

## **SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

### **PERMANENTES DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e tres de xuño de 2009, segundo o cambio de hora acordado por todos os grupos municipais, reúnen-se simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

#### **A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.**

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

#### **B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.**

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; e dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, do PP.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

Antes de iniciar o exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o Sr. alcalde concedeu a palabra ao enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, que informou aos presentes sobre a necesidade de levar a cabo a modificación do proxecto “Gradas cubertas e vestiarios no campo de fútbol Dani Mallo”, iso despois de proceder ao levantamento topográfico da zona, así como ao estudo máis minucioso de cada unha das unidades de obra, de onde resulta a necesidade de introducir no proxecto determinadas melloras, que suporían un aumento respecto do orzamento adxudicado, duns 89.968,93 € o que supón un 19,98% de aumento de obra.

Xustifica a necesidade de aprobar o dito modificado en que se solicitou unha ampliación do prazo de execución á Deputación Provincial, e o prazo concedido é ata setembro de 2009, no aboándose as certificacións presentadas despois do 2 de novembro de 2009, todo iso segundo o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras municipal e directora da obra, dona Elena Bartolomé.

O Sr. alcalde expón que, se o modificado estivera preparado para o pleno ordinario do xoves, incluírase como proposta fóra da orde do día, iso motivado na urxencia de xustificar a execución antes de novembro de 2009.

O Sr. alcalde dá conta aos presentes do informe emitido no día de hoxe pola Policía Local, respecto do incendio do vehículo patrulla marca Renault, modelo Megane, con placas de matrícula 7311 FDA, propiedade do Concello de Cambre.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,  
FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión extraordinaria do día 16 de abril, sesión ordinaria do día 28 de abril, sesión extraordinaria do día 11 de maio e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión extraordinaria do día 16 de abril, sesión ordinaria do día 28 de abril, sesión extraordinaria do día 11 de maio e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º Resolución do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería del Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.)**

Visto o expediente incoado mediante Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2008, ratificada polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 30 de outubro de 2008.

Tendo en conta os informes emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 19 de decembro de 2008 e 2 de marzo de 2009, así como os informes emitidos polo arquitecto municipal de data 9 de febreiro e 23 de abril de 2009.

Visto o informe-proposta emitido pola Secretaría e Intervención municipais en data 15 de xuño de 2009.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Tendo en conta o previsto no art. 199.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, respecto a que a duración total dos contratos de consultoría e asistencia non poderá exceder de seis anos, e con base ao art. 112 c) da dita lei, acordar a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería do Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.) o 10 de decembro de 1997, iso motivado en que, segundo se deriva do expediente de resolución incoado, a demora na execución do contrato se deriva de circunstancias imputables tanto ao concello como ao contratista adxudicatario.

Segundo: Cumprimentando o acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 30 de abril de 2009, aboar a EPTISA a cantidade de 16.693,00 € polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do Plan xeral, por canto son os únicos que teñen relación co obxecto do contrato e teñen sido recibidos polo concello, iso de conformidade co establecido no art. 215.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio.

Respecto da solicitude de abono do resto dos traballos, e toda vez que non teñen relación co obxecto do contrato de redacción do Plan xeral de ordenación municipal, a procedencia ou non do seu abono dirimirase, no seu caso, no correspondente expediente de recoñecemento de obrigas.

Terceiro: Devolver a garantía definitiva constituída por IDASA para responder da boa execución dos traballos, por importe de 1.400.000 pts., mediante aval núm. 1999 do Banco Central Hispano de data 9 de decembro de 1997, depositado na Tesourería municipal o 10 de decembro do mesmo ano.

Cuarto: De conformidade co establecido nos artigos 60.1 e 113.1 da Lei 13/1995 e artigo 26 do Real decreto 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, dar audiencia a EPTISA por prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao recibo da notificación para que, no dito prazo, amose a súa conformidade á resolución do contrato por mutuo acordo, e, en caso de opoñerse á resolución do contrato, motive a dita oposición.

### **3º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO**

### **AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

#### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

### **2º Rogos e preguntas**

#### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 8406 o día 20 de xuño actual, xunto cos rogos e preguntas ás comisións informativas.

1º Varias persoas comunicaron ao noso grupo as deficiencias existentes nos ancoradoiros das varandas de protección existentes na rúa Tapia e na praza Manuel LUGRÍS, supoñendo un perigo para as persoas, sobre todo para nenos/as que frecuentan o parque da mencionada praza.

É por isto que o noso grupo municipal prega:

- Que se repare coa máxima celeridade posible:

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que, en canto á mediana da rúa Tapia xa se comunicaron as deficiencias á Xunta, pois a obra é da Xunta.

En canto á praza Manuel Lugo, a obra está recepcionada provisionalmente, e para efectuar a recepción definitiva, xa se lles dixo que tiñan que subsanar unha serie de deficiencias, entre as que están esas.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 8406 o día 20 de xuño actual, xunto cos rogos e preguntas ás comisións informativas.

1<sup>a</sup> O pasado 5 de xuño celebrouse o Día internacional do Medio Ambiente. En Cambre somos testemuñas de como se seguen contaminando os ríos e a ría e como proliferan distintos vertedoiros incontrolados. O noso grupo que xa ten formulado múltiples denuncias neste sentido, unha vez máis preguntamos á concelleira responsable:

- Cales son os motivos do estado de abandono e sucidade na zona do paseo do río Mero, nas inmediacións da rúa A Barcala, onde existe abundante lixo acumulado tanto no propio terreo como nas papeleiras existentes?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que o mantemento en canto á roza e limpeza é de Augas de Galicia. A principios deste mes enviouse unha comunicación pedindo que leven a cabo a roza, e en canto á limpeza de papeleiras, farao o concello.

O ano pasado a roza fíxoa o concello, logo de autorización, pero este ano solicitouse que a faga Augas de Galicia.

A Sra. concelleira fai entrega aos voceiros dos grupos municipais dunha copia dos escritos enviados.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de marzo, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión ordinaria do día 26 de maio de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos por escrito.

**Preguntas de EU-IU presentados por escrito**

1ª Con data 30 de decembro de 2008 saíu publicado no DOG a resolución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que aprobaba as bases que rexeran o proceso de selección de persoal laboral fixo das galescolas do Consorcio; neste proceso a Cambre asignaselle 4 prazas de mestre, 12 de educador e 2 de PSX.

Así mesmo, parece que están nomeados os membros da comisión de valoración para as ditas prazas.

Ante isto o noso grupo pregunta:

- Que información teñen os responsables do goberno sobre o tema?
- En que situación se encontra o proceso?

Dona Carmen Tato Lago contesta que, por parte do concello foron designados membros da Comisión de valoración dona Ana Mª Monje Barcia e dona Ana Mª Portela Torrón.

Tiveron unha reunión en Santiago o 14 de abril para elixir o exame.

Estaban todos os representantes de Galicia, e a maior parte dos concellos amosaron a súa disconformidade para elixir o exame, dado que podía dar lugar a filtracións.

Coa nova Xunta, parouse o proceso, e os membros dos tribunais están agardando directrices, non houbo ningunha comunicación. É en outubro cando cesa o persoal da galescola de Cambre e, segundo se dixo, a galescola vaise transferir a Educación.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as catorce horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia